



XUNTA  
DE GALICIA

PREVENCIÓN  
E SAÚDE LABORAL  
ANTE O CORONAVIRUS

REDEIRAS

[ceei.xunta.gal/coronavirus](http://ceei.xunta.gal/coronavirus)

Liña Empresas  900 815 600


## ANTES DE IR AO TRABALLO

- › **Non ir traballar con febre** (> 37°) ou **síntomas respiratorios** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- › **Informarse das recomendacións** da autoridade sanitaria ante o coronavirus.
- › **Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles** ao coronavirus e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio. No caso de dúbida consulte co seu médico.
- › **Os desprazamentos** faranse mellor individuais seguindo as indicacións de mobilidade. No transporte colectivo é obrigado o uso da máscara.



## DISTANCIA DE SEGURIDADE

- › **Gardar** sempre a distancia de seguridade de 2 metros, de non ser posible, todas as persoas empregarán a máscara cirúrxica ou hixiénica.
- › **Evitar o saúdo con contacto físico.**
- › **Evitar actividades grupais** como reunións e coincidir en espazos reducidos como aseos ou vestiarios.



## MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- › **Difundir material informativo nas asociacións de redeiras e confrarías** sobre os riscos de contaxio e propagación do coronavirus, con especial atención ás vías de transmisión, as medidas da autoridade sanitaria e a actuación ante un caso sospeitoso.
- › **Establecer quendas de traballo** e organizar a entrada e saída do lugar de traballo para manter a distancia de seguridade.
- › A redeira estará **sempre no mesmo posto de traballo.**
- › **Sinalizar o chan** do local de traballo e a zona de traballo no peirao mediante cintas adhesivas ou elementos separadores que proporcionen distancias mínimas.
- › **Traslado de redes polo armador** para reparar ata o porto no que están as redeiras.
- › **No caso dun caso sospeitoso de COVID-19**, contactar co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



## HIXIENE E LIMPEZA

- › **Dispoñer de produtos** para a hixiene de mans (xabón, solucións hidroalcohólicas e panos desbotables) e para a limpeza e desinfección (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados).
- › **Lavar sempre as mans** antes de poñer as luvas de traballo e despois de quitalas. Usar panos desbotables para secar as mans. **As uñas** levaranse curtas e coidadas e o cabelo recollido. Evitar o uso de aneis, pulseiras, reloxos, etc.
- › **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión. Evitalo igualmente cando se usen luvas e máscara.
- › **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e depositalo en bolsas e contedores de xeito adecuado.
- › **Evitar compartir** ferramentas, equipos de traballo e outros obxectos sen limpalos previamente. De non realizar a limpeza inmediatamente, lavar as mans.
- › **Utilizar os equipos de protección individual (EPI) adecuados** a súa actividade laboral.
- › **Reforzar as tarefas de limpeza e desinfección** nos aseos e zonas comúns. Dispoñer de xabón ou solucións hidroalcohólicas, panos desbotables e contedores con tapa e pedal e bolsas recambiáveis.
- › **As máscaras hixiénicas ou cirúrxicas, son unha recomendación para a poboación xeral** cando non é posible manter a distancia de seguridade no traballo, na compra, en espazos pechados e na rúa.
- › **Ventilar** frecuentemente o local.



## INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

**A Coruña** 981 182 329 issga.coruna@xunta.gal  
**Lugo** 982 294 300 issga.lugo@xunta.gal  
**Ourense** 988 386 395 issga.ourense@xunta.gal

**Pontevedra** 886 218 101 issga.pontevedra@xunta.gal  
**Santiago** 881 999 332 issga@xunta.gal